



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Pág. Web: www.natacionferrol.com

POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

INTRODUCCIÓN

1. A información é un activo estratéxico para o Club Natación Ferrol (CNF) e debe ser axeitadamente protexida, sexa cal sexa a forma na que estea representada, almacenada ou sexa procesada.
2. Neste entorno compre destacar o papel das Tecnoloxía da Información e das Comunicacions (TIC) pola crecente importancia no tratamento desta información, sendo o rápido desenvolvemento destas tecnoloxías un dos factores principais que está a permitir que as Entidades melloren a súa eficiencia, posibilitando achegarse ao cidadán mediante novas canles de comunicación. Pera a información e as tecnoloxías que a tratan está sometidas a riscos, in
3. ternos e externo, que é preciso xestionar adecuadamente para situalos baixo limiares aceptables.
4. Neste eido, o CNF propónse empregar sistemas de xestión e normas que permiten xestionar adecuadamente a seguridade desta ou o Esquema Nacional de seguridade, no eido de administración electrónica.
5. Compre ter presente que a seguridade da información precisa da colaboración e implicación de todo o noso Club, dende os órganos directivos, que aproban a presente política e son responsables da súa divulgación e implantación efectiva, até os usuarios finais dos sistemas de información. Por iso, toda a organización debe estar preparada para previr, detectar, reaccionar e recuperarse ante posibles incidentes de seguridade.

OBXECTIVOS

1. O Club Natación Ferrol define a presente política de seguridade da información, de carácter obrigatorio para toda a comunidade universitaria e empresas colaboradoras, tendo coma obxectivo fundamental garantir e seguridade da información e prestación continuada dos servizos que proporciona, actuando preventivamente, supervisando a actividade e reaccionando con presteza fronte aos incidentes que poidan ocorrer.
2. Esta política debe sentar as bases para que o acceso, uso, custodia e salvagarda dos activos de información, dos que se serve o CNF para que o desenvolvemento das súas funcións se realice baixo garantías de seguridade, nas súas distintas dimensións:
 - a. **Integridade:** propiedade ou característica consistentes en que o activo de información non sexa alterado de xeito non autorizado.
 - b. **Disponibilidade:** propiedade ou característica dos activos consistente en que as entidades ou procesos autorizados teñan acceso a estes cando o requiran.
 - c. **Confidencialidade:** propiedade ou característica consistente en que a información nin se poña a disposición, nin se revele a individuos, entidades ou procesos non autorizados.
 - d. **Trazabilidade:** propiedade ou característica consistente en que as actuacións dunha entidade poidan ser imputadas exclusivamente a dita entidade.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Pág. Web: www.natacionferrol.com

- e. **Autenticidade:** propiedade ou característica consistente en que unha entidade sexa quen di ser ou ben que garanta a fonte da que proceden os datos.
3. Baixo estas premisas os obxectivos específicos da Seguridade da Información no CNF serán:
- a. Velar pola seguridade da información nas distintas dimensións antes descritas.
 - b. Xestionar formalmente a seguridade, en base a procesos de análise de riscos.
 - c. Elaborar, manter e aprobar os plans de contixencias e continuidade da actividade que se definan para os distintos servizos ofrecidos polo CNF.
 - d. Realizar a adecuada xestión de incidencias que afectan á seguridade da información.
 - e. Manter informado a todo o persoal acerca dos requirimentos de seguridade e difundir boas prácticas no manexo da información.
 - f. Proporcionar os niveis de seguridade acordados con terceiras partes cando se compartan ou cedan activos de información.
 - g. Cumprir coa regulamentación e normativa vixente.
4. Esta política de seguridade:
- a. Aprobarase formalmente pola Asemblea Xeral.
 - b. Revisarase regularmente de xeito que se adapte ás novas circunstancias, técnicas ou organizativas e evite a obsolescencia.
 - c. Comunicarase a todos os empregados e ás entidades externas que traballen co CNF.

ALCANCE

A política de seguridade aplícase a toda a comunidade deportiva e aos seus activos de información: ao seu persoal e deportistas; á información xerada, procesada e almacenada, independentemente do seu soporte e formato, empregada en tarefas operativas ou administrativas; á información cedida dentro dun marco legal establecido, que será considerada como propia a efectos exclusivos da súa protección; a todos os sistemas empregados para administrar e xestionar a información, sexan propios do CNF ou alugados ou licenciados por este. Esta política afecta tamén ás entidades colaboradoras.

PRINCIPIOS XERAIS

Os principios xerais da política de seguridade da información do CNF son:

- a. A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos que posibilitan un sistema de información: técnicos, humanos, materiais e organizativos.
- b. O CNF desenvolverá a súa política de seguridade no marco da lexislación vixente relativa á protección de datos de carácter persoal, propiedade intelectual e calquera outra lexislación autonómica, estatal e europea de aplicación.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Pág. Web: www.natacionferrol.com

- c. A análise de riscos será a base para determinar as medidas de seguridade que se deberán implantar. Esta análise manterase permanentemente actualizada dentro dun ciclo de mellora continua.
- d. A xestión da seguridade do CNF pescudará a redución dos custos a través dunha xestión optimizada da seguridade da información.
- e. Evitaranse os riscos derivados dunha falta de segregación de funcións.
- f. O acceso aos sistemas de información realizarase, agás naqueles casos nos que sexa posible, a través de credenciais persoais e intrasferibles.
- g. O nivel de acceso aos sistemas de información estará baseado nas necesidades do posto de traballo ou directivo do usuario, aplicando o principio de mínimo privilexio.
- h. Os equipos informáticos e o software empregaranse para fins estritamente relacionados coas funcións do CNF e nunca para fins persoais ou distintos dos aprobados.
- i. A seguridade dos sistemas de información debe contemplar os aspectos de prevención, detección e corrección para conseguir que as ameazas sobre estes non se materialicen ou non causen danos graves.
- j. Todos os usuarios dos sistemas de información son responsables da comprensión e cumprimento da política de seguridade e das normas, procedementos, instrucións e recomendacións asociadas.
- k. Desenvolveranse a concienciación, capacitación e educación en materia de seguridade da información.
- l. Deberá asignarse un propietario para cada activo de información. Esta, ademais, clasificarase en función da confidencialidade desta.

Os principios xerais, anteriormente descritos, serán adecuadamente desenvolto mediante normativa específica.

ORGANIZACIÓN DE SEGURIDADE

1. A fin de garantir a correcta implantación da presente Política o CNF organizarase co obxecto de definir as medidas de seguridade que deberán aplicarse ós activos de información, e que deberán ser implantadas pola Área TIC.
2. Dita organización da seguridade contará coa participación activa da alta dirección do CNF, quen aprobará a Política de Seguridade da Información e asignará e/ou delegará responsabilidades nas persoas que considere axeitadas, e periodicamente será informada para asegurar o seguimento da implantación efectiva da mesma.
3. Igualmente, a organización implicará en distinta medida a todo o persoal do CNF, co obxecto de estender a implantación das prácticas de seguridade axeitadas.
4. Dentro da organización a definir crearase un Comité de Seguridade, que estará composto polo presidente/a, o secretario xeral, o tesoureiro/a, director/a técnico, un representante da Xunta Directiva e un representante dos deportistas.
5. As funcións do Comité de Seguridade serán as seguintes:



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Pág. Web: www.natacionferrol.com

- a. Promover a integración dos requisitos de seguridade cos obxectivos estratéxicos do CNF.
 - b. Asegurarse de que a política de seguridade teña en conta o marco legal vixente, incluíndo o referido á protección de datos de carácter persoal e propiedade intelectual.
 - c. Coordinar a implantación da política de seguridade.
 - d. Revisar a efectividade da política de seguridade e mantela actualizada.
 - e. Definir as pautas xerais en materia de seguridade da información a través da normativa desenvolta.
 - f. Publicar e difundir a normativa relativa á seguridade da información entre todos os afectados.
 - g. Revisar os informes de incidencias de seguridade máis significativas.
 - h. Controlar as ameazas sobre a información e outros activos.
 - i. Investigar e actuar para previr incidencias de seguridade.
 - j. Definir roles e responsabilidades das distintas funcións relacionadas coa seguridade da información.
 - k. Promover o desenvolvemento de iniciativas destinadas á melloras da seguridade.
 - l. Definir as accións a seguir no caso de situacións non previstas, en relación á seguridade da información ou ante casos de incumprimento da normativa.
 - m. Manter informado ao equipo de alta dirección do CNF das iniciativas relevantes en materia de seguridade promovidas no CNF.
6. Ademais de formar parte do Comité de Seguridade, o responsable do ficheiro terá as seguintes funcións e responsabilidade específicas:
- a. Asegurar a definición de metodoloxías e procesos de seguridade homoxéneos en todo o CNF.
 - b. Controlar as incidencias de seguridade e coordinar as accións correctoras pertinentes.
 - c. Colaborar co resto do persoal técnico no desenvolvemento da iniciativas de seguridade.
 - d. Asesorar ás distintas unidades técnicas na definición e implantación de procedementos e de medidas técnicas.
 - e. Promover no CNF as medidas de concienciación precisas en materia de seguridade da información.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta política de seguridade da información aprobouse en Xunta Directiva o día 24 de marzo de 2011 e foi ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria o día , entrando en vigor o día seguinte desta última.